



Asistentes:

Alcalde, Fernando Pérez Fernandez.

Concelleiros/as:

PP

Oscar Vázquez Corral.

Emilio Mahía Neira

Juan Carlos Gundín Fontecoba

BNG:

Alvaro X.García Freire

Javier Suarez Sanchez,

Hortensia Vázquez Gómez.

Secretaria:

Minia Astray Barca

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DESTE CONCELLO NA SALA DE SESIÓNS O
XOVES DIA 11 DE SETEMBRO DE 2025.-

Na casa do concello de Vilasantar, sendo
as 10:00 horas do día baixo a presidencia do Sr.
Alcalde, reúnen-se os concelleiros/as que no
marxe se indican co obxecto de celebrar sesión
ordinaria do Pleno da corporación. A
Continuación pasouse o estudo da orde do día,
adoptándose sobre os asuntos contidos na
mesma os seguintes acordos:

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o
Alcalde, como presidente, declara aberta a sesión. Procedese a tratar os asuntos incluídos na
Orde do Día :

Primeiro. Aprobación acta da sesión anterior.

Segundo. Dación de conta dos Decretos de Alcaldía.

**Terceiro. Inscripción no Inventario de bens do Concello de Vilasantar do Punto
Limpo de Vilasantar.**

**Cuarto. Corrección de erro do cadro de persoal do Orzamento 2025 do
Concello de Vilasantar.**

**Quinto. Aprobación segunda fase POS + Adicional 2/2025 da Deputación
Provincial da Coruña.**

Sexto. Mocións.

Sétimo. Rogos e preguntas.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Aprobación acta da sesión anterior, son dúas actas correspondentes a primeira á
correspondente ao Pleno celebrado con data 08/05/2025 e a segunda do Pleno celebrado con
data 11/07/2025. Aprobándose ambas actas por unanimidade.



SEGUNDO.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA.

Van dende o 17/07/2025 ao 05/09/2025 e son 76 decretos que están enviados en tempo a tódolos concelleiros/as.

TERCEIRO.- INSCRICIÓN NO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO DE VILASANTAR DO PUNTO LIMPO DE VILASANTAR.

DEBATE

Indica o Sr. Alcalde que era necesario incluír o Punto Limpo no inventario de bens do Concello, en primeiro lugar para poder rexistralo e segundo para poder cobrar a subvención que nos debe aínda a Deputación da Coruña do cofinanciamento solicitado para que fose case ao 100%. Temos un informe técnico remitido polo técnico de urbanismo o cal recolle as características do Punto Limpo, e fai referencia as diferentes cuestións que se recollen no referido informe. Temos un informe da Secretaria-Interventora no cal se indica que se axusta á legalidade no que se refire ao procedemento para poder inscribir dito punto limpo no inventario de bens. Procede á lectura da Proposta de acordo.

VOTACIÓN

Votos a favor: 4 votos (PP) e 3 votos (BNG).

ACORDO

PRIMEIRO.- Inscribir o ben con referencia catastral 15091A0180022000HG no Inventario de Bens do Concello de Vilasantar cos seguintes datos:

- Nome: Punto Limpo de Vilasantar.
- Referencia catastral do inmovible: 15091A0180022000HG.
- Descrición: Monte "Chousa do Campón" da superficie de dez mil seiscentos corenta e cinco metros con quince decímetros cadrados.
- Lindeiros: Norte; Asociación de veciños de Vilasantar (563), Sur; camiño, Leste; carreteira e oeste; camiño.
- Superficie do solar: 10.465,15 m2.
- Natureza do dominio: 100% de pleno dominio público.



- Título en virtude do cal se atribúe á entidade: por compra a D. Marcelino Mella Aller e D^a. Mercedes García Vázquez en escritura pública de data 24/01/2023 ante o notario D. Óscar Manuel López Doval.

- Data de adquisición: 24/01/2023.

- Valor que correspondería en venta ao inmovible: 30.000 €.

- Superficie de construción: caseta cerrada 110,13 m² e caseta aberta 41,44 m² sendo o total de 151,57 m².

- Descrición: Punto limpo fixo no Concello de Vilasantar composto de: unha caseta de reutilización: é o espazo onde almacenan algúns dos residuos que son susceptibles de ser reutilizados. Incorpora un espazo polivalente que poderá ser utilizado como aula ou para reparar os obxectos depositados polos usuarios que sexan susceptibles de ser reutilizados. Dispón de aseos e vestiarios.; cinco silos: destinados a residuos de forma selectiva; e zona de almacenamento baixo cuberta para os contedores de residuos especiais non perigosos.

SEGUNDO.- Inscribir o ben con referencia catastral 15091A0180022000HG a nome do Concello de Vilasantar, no rexistro da Propiedade de Arzúa en virtude do disposto no artigo 36 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

TERCEIRO.- Habilitar ao Alcalde, D. Fernando Javier Pérez Fernández, como representante do Concello de Vilasantar para a realización dos trámites oportunos destinados á actualización do estado destes bens no Rexistro da Propiedade e no Catastro.

CUARTO.- Se de traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles terceiros interesados que, no seu caso, obren no expediente.

CUARTO.- CORRECCIÓN DE ERRO DO CADRO DE PERSOAL DO ORZAMENTO 2025 DO CONCELLO DE VILASANTAR.

DEBATE

Indica o Sr. Alcalde que cando se trouxo a aprobación do Orzamento municipal do ano 2025 na sección de persoal non se incluíu o posto de auxiliar administrativa aínda que si que se inclúe a partida e o montante económico desa praza pero non se inclúe a denominación, polo tanto, existe un erro. Procede á lectura da Proposta de acordo.



Indica o voceiro do BNG o Sr. García que ao ser unha corrección de erros non teñen nada que dicir.

VOTACIÓN

Votos a favor: 4 votos (PP) e 3 votos (BNG).

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a corrección de erros do cadro de persoal quedando o mesmo como consta no anexo do presente acordo.

SEGUNDO.- Publicar a corrección de erros no Boletín Oficial da Provincia.



CONCELLO DE VILASANTAR
 C/Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.com www.vilasantar.gal 981 778 169

CADRO/PLANTILLA DE PERSOAL 2025

1.1. Persoal funcionario.

Escala	Subescala	Denominación	Grupo	Prazas	Situación	Observacións
Habilitación Nacional	Secretaría	Secretario/a-Interventor/a	A1	1	Propiedade	Actualmente cuberto por funcionario interino
Administración Xeral	Administrativa	Administrativo/a	C1	1	Propiedade	
Administración Especial	Técnica	Traballador/a social	A2	1	Propiedade	
Administración Xeral	Auxiliar Administrativa	Funcionario interino por programas	C2	1	Por programas	Fin programa 31/12/2025

1.2. Persoal laboral fixo.

Denominación	Grupo laboral	Número prazas	Observacións
Técnico/a en xestión cultural e información xuvenil	II	1	
AEDL e Administración	II	1	
Traballador/a social	II	1	Tempo parcial
Educador/a familiar	II	1	
Auxiliar administrativo	IV	1	
Auxiliar Axuda no Fogar	V	12	
Técnico en animación e actividades deportivas	III	1	
Axente TIC	III	1	Tempo parcial
Peón tractorista e mantemento	V	2	
Peón de mantemento	V	2	
Limpador/a	V	1	

1.3. Persoal laboral temporal.

Denominación	Número de prazas
Auxiliar Axuda no Fogar	2
Peóns PEL	2
Peóns APROL	2
Profesor/a pilates	1

QUINTO.- APROBACIÓN SEGUNDA FASE POS+ADICIONAL 2/2025 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

DEBATE



Toma a palabra o Sr. Alcalde para indicar que hai unha cantidade de cartos que corresponde ao Concello de Vilasantar que ascende a 51.181,30 € que van destinado ao arranxo dunha pista que mide 1.500 metros e imos a arranxar 950 metros e que vai dende o límite de Curtis na parroquia de San Vicente ata pasado o Seixo e quedaríannos por rematar case 500 metros. É unha pista que foi realizada fai anos e que é necesario unha nova de rodadura, imos manter o mesmo material e o mesmo ancho de pista. Decidindo non realizar a totalidade da mesma a anacos. Esta é a obra que se pretende aprobar e procede á lectura da Proposta de acordo.

Toma a palabra o Sr. García para indicar que parécelles unha obra necesaria que xa protestaron algunha vez pola situación na que se atopaba, xa que leva moito tempo sen arranxar. Tendo unha única pregunta, moitas veces cando amañan levantan o anterior aquí non se contempla? Responde o Sr. Alcalde que non, que aquí o que van a facer é revachear o que hai. Prosigue o Sr. García indicando que normalmente cando se lle cambia se saca a anterior capa ao que o Sr. Alcalde indica que non é normalmente e indica algún exemplo no que se fixo e porque. Indica o Sr. García o voto a favor do referenciado acordo.

VOTACIÓN

Votos a favor: 4 votos (PP) e 3 votos (BNG).

ACORDO

1.- "Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2025" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes: (Só cando proceda)

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2025, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2025 base ou POS+Adicional 3/2025	

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025:

Investimentos	financeiramente	Financiamento dos investimentos
---------------	-----------------	---------------------------------



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e NON solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL					

Investimentos financeiramente sostibles novos NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
Reforzo do firme de calzada con M.B.Q do Seixo ata o Límite do Concello de Curtis	54.181,30 €	0 €		0€	54.181,30 €
TOTAL	54.181,30 €	0 €		0€	54.181,30 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2025	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE soportado deducible	Total concello	
2ª FASE					
Gastos correntes do 2025 distintos dos solicitados no Plan Base (Só cando proceda)					
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 non solicitados na 1ª fase do POS+Adicional 2/2025					
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	54.181,30 €	0 €		0€	54.181,30 €
TOTAL	54.181,30 €	0 €		0€	54.181,30 €



2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

SEXTO.- MOCIÓNS.

Non hai mocións no presente pleno.

SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS

- BNG:

PREGUNTA 1. Na publicación no BOP das subvencións da Rede Cultural da Deputación da Coruña non figura o noso concello. Cal foi o motivo desta exclusión?

Responde o Sr. Alcalde que estamos excluídos por non facer a solicitude da subvención, e non se fixo porque había que realizar unha achega económica por parte do Concello.

PREGUNTA 2. No cartel das festas de Présaras aparecen o concello e a Deputación da Coruña como entidades colaboradoras. En que consistiu concretamente a colaboración do concello?



Responde o Sr. Alcalde que supón que o Concello con Présaras colabora coa cesión do pavillón polideportivo e na cesión do local da Cámara Agraria cada vez que o solicitaron e supoñemos que é por iso.

PREGUNTA 3. Nas resolucións de data 28/07/2025 recóllese a aceptación da renuncia e a nova contratación da obra incluída no POS+ 2023: Rehabilitación superficial do firme de calzada existente no camiño de acceso a Tamou desde A Fraga. Cal é a data de formalización do contrato coa empresa Construcciones González y González S.L.? Cal é o prazo de execución e cal é data da acta de replanteo?

Indica o Sr. García que xa ten coñecemento de que están a traballar na pista pero realiza a pregunta formulada ao que o Sr. Alcalde responde que a formalización do contrato foi no verán e a execución ten seis semanas. Pregunta o Sr. García e a acta de replanteo? Ao que o Sr. A lcalde resposta que non ten coñecemento.

PREGUNTA 4. Iniciouse algún procedemento sancionador contra a empresa que incumpriu o contrato inicial?

Responde o Sr. Alcalde que non se iniciou ningún procedemento sancionador. Pregunta o Sr. García por que? Ao que o Sr. Alcalde indica que para iso debe formular outra pregunta no próximo Pleno e que se lle responderá e indica que consideramos que non e é potestade nosa inicialo ou non, non é obrigatorio inicialo.

PREGUNTA 5. Que actividades se levaron a cabo coa subvención do Pacto de Estado contra a violencia de xénero? Que material foi adquirido con cargo a esa axuda?

Responde o Sr. Alcalde que foi a confección de 250 carteiras de coiro para a festa dos maiores, fixemos un mural que se atopa exposto na Cámara Agraria e despois un servizo de guías para a excursión, dúas guías, que son aplicados como criterios de igualdade. Pregunta o Sr. García se foi unha excursión ou foron dúas ao que o Sr. Alcalde responde que non sabería dicir, que a unha acudiu polo que unha polo menos si que se fixo.

PREGUNTA 6. Na resolución da Alcaldía figura unha factura do HOTEL SPA ÁTICA (n.º de documento F125303072, de data 23/05/2025), cun texto explicativo: BOT 75 CL NORA 2023 (Feira do Requeixo). Cal é o concepto exacto desa factura?



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



Responde o Sr. Alcalde que é o servizo balneario dentro das actividades de envellecemento activo que levamos adiante, certo é que se falou coa empresa porque se cometeu un error ao meter a factura no concepto, a empresa fará unha aclaración sobre o concepto da mesma non no importe.

PREGUNTA 7. Sendo competencia municipal a xestión das redes secundarias das franxas de biomasa e das franxas laterais das estradas de titularidade municipal, en que situación se atopa actualmente o noso concello respecto a esta obriga?

Responde o Sr. Alcalde que respecto aos laterais das estradas podeades comprobar que están case todas limpas a excepción das de concentración parcelaria que se está a realizar a limpeza, pero o resto limpáronse dende maio e algunhas incluso días veces. Con relación ao seguinte, levamos adiante todas as solicitudes que entran por rexistro ou todas aquelas que nos comunican, poñemos individualmente en contacto cos propietarios para que fagan a limpeza, a obriga é dos propietarios. Na maioría dos casos son limpadas.

Pregunta o Sr. García que se a Xunta de Galicia non mandou os mapas, ao que o Sr. Alcalde responde que si que eses mapas xa os teñen dende fai tempo. Ao que o Sr. García responde que non, que se refire aos mapas cos que non cumpría, responde o Sr. Alcalde que non.

PREGUNTA 8. Cal é o motivo dos numerosos reparos de intervención que aparecen nas resolucións da alcaldía? e considerando que os reparos de Intervención teñen como finalidade garantir a legalidade do gasto, que medidas pensa adoptar o goberno municipal para evitar que se repitan situacións que obrigan a levantar reparos de forma reiterada?

Responde o Sr. Alcalde que os reparos prodúcense cando a Intervención entende que a cuestión non se axusta á legalidade o que non priva de poder levantalos para sacar adiante as obrigacións contravidas, non querendo dicir isto que se estea a cometer unha ilegalidade, impera neste caso o sentido común para facelo. Aquí temos varios reparos, algúns son de nóminas de SAF, procede o Sr. Alcalde á explicación dalgunhas nóminas reparadas en servizos sociais, que en moitos casos son dadas por urxencia ou necesidades do servizo. Con relación ao pago das facturas, a Intervención repara pola existencia de que existe un orde cronolóxico para o pago e non as pagamos con este orde, ben porque dependen dunha subvención ou ben porque consideramos dende o equipo de goberno que hai que pagalas ou porque hai unha serie de xente que nos da servizo de proximidade e de xeito habitual e queremos pagar e ultimamente cada vez pagamos máis facturas, polo tanto, cada vez temos máis reparos.



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



Levantase a sesión , sendo as 10:20 horas do que eu secretaria dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE